

"Podemos soste que os enxeñeiros poden crear localizacións, pero que o tempo é necesario para crear lugares."  
( Y. F. Tuan, 1996, *Space and Place: Humanistic Perspective.*)

O pasado mes de abril, a Demarcación Provincial de Costas de Lugo (DPCL) sacaba á exposición pública o proxecto de construción denominado "Ruta de las Cetáreas de Rinlo", en Ribadeo. Ruta implica movemento e transitoriedade e a comparanza coa "Ruta das praias" ou das Catedrais é inevitábel. As cetarias de Rinlo, un dos últimos redutos naturais nunha zona estratéxica para a biodiversidade, a paisaxe e a memoria, intentan ser incorporadas ao paquete turístico de "usar e rodar" que duns anos a esta parte está transformando negativamente a rasa costeira.

As actuacións da enxeñería estatal asumen que amurallar, pavimentar e peonalizar con paseos de cemento e lastros as discretas sendas do litoral supón un tratamento desexábel para a posta en valor da agreste e rústica costa lucense. Seguindo esta filosofía, un caótico e variopinto *patchwork* de materiais duros percorre quilómetros de costa cubrindo o tapiz natural de terreos areosos e inestábeis con altos custos de mantemento xustificados en aras da suburbanización da zona e da escasa e temporal industria turística.

A aplicación da progresista Lei 22/1988 de 28 de xullo de Costas, nacida para reordenar os espazos litorais fortemente urbanizados e degradados pola especulación urbanística iniciada nos anos 1960 e 1970 no Mediterráneo, provocou na costa virxe de Lugo moitas intervencións "urbanizadoras" agresivas contrarias ao espírito da lei. Cal é a necesidade destes paseos? Que ideoloxía os sustenta e que pasará mañá cando toda a Mariña sexa o mesmo? Que teremos entón de especial? Por que preto de 93.000 m<sup>2</sup> de costa inmaculada e de gran beleza escénica ligada ao núcleo tradicional de Rinlo no que se atopan importantes vestixios arqueolóxicos do pasado industrial de Galiza se deben construír? Acaso é imposible salvar un paraíso endémico natural, libre-



Plano e foto aérea do sixpac da zona na que está proxectada a Ruta das Cetarias. As antigas cetarias, á esquerda.

mente habitado por artistas, fotógrafos, biólogos, ornitólogos, surfistas, pescadores, e paseantes tal e como é, sen redeseñalo nun "non-lugar", é dicir, transformalo en algo mediocre, sen estilo, edulcorado e substituíbel?

Segundo a Lei 8/1995 de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, correspóndelle ás administracións públicas protexer, conservar e difundir o patrimonio cultural. Sabendo isto, podemos afirmar que o Concello de Ribadeo está faltando ás súas funcións de defensa e salvagarda do patrimonio cultural de Galiza ao permitir unha intervención que desvaloriza os bens patrimoniais do núcleo no preciso momento en que a Consellaría de Cultura tramita a solicitude de declaración de BIC (Ben de Interese Cultural) para o conxunto de Rinlo e o seu contorno.

A falta de iniciativa municipal cara á protección dos valores patrimoniais de Rinlo e a ausencia de coordinación entre a administración estatal –Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño– e autonómica –Consellaría de Cultura– tradúcese nun proxecto de enxeñaría "pesado e escuro" que se serve de obxectivos aparentemente positivos pero que á hora da verdade, ou non se desenvolven, ou derivan nunha axenda de actuacións contrarias aos intereses culturais de Galiza. Os catro obxectivos que xustifican o investimento aparecen explícitos na breve memoria do proxecto e merecen ser comentados.

## BORRADO HISTÓRICO OU "POSTA EN VALOR"?

Esta primeira actuación inclúe a demolición dalgunhas construcións de



Antigas cetarias de Rinlo (Ribadeo).

pequena entidade. Estamos afeitos a escoitar as palabras "recuperación" e "posta en valor" que na mente de todos e todas nós teñen connotacións positivas relacionadas coa rehabilitación do patrimonio pero non é este o sentido en que a Dirección Xeral de Costas as emprega. Que entenden o Estado español e a DPCL por "recuperar"? Os sinónimos e palabras afíns polos que se guía o Ministerio do Medio Ambiente nas súas actuacións son: "rescatar" "redimir" "reconquistar" "salvar" "liberar". De que ou de quen se supón que necesita Costas liberar este tramo de costa recóndito e natural? Se nos atemos aos efectos ou consecuencias do proxecto proposto a resposta é: dos seus usuarios locais e da súa memoria.

As cetarias, pola súa escala construtiva, integración co medio e importancia na economía local durante o século XX, poden considerarse vestixios do pasado tecnolóxico e produtivo galego, pero Costas ignora este patrimonio industrial e directamente atenta contra a paisaxe cultural no seu empeño de devolver a zona ao estado orixinario previo á intervención humana. Esta actitude de "tabula rasa" explica a falta de documentación histórica, xeográfica, tipolóxica, ou arqueolóxica imprescindible nun proxecto de recuperación e posta en valor do patrimonio. O "lugar" deshumanízase e, nos planos, redúcese a unha mera representación topográfica, sen referencias

locais, sen nomes propios, sen tradición, sen cultura.

O proxecto carece por completo dun marco filosófico e argumentativo do que se pretende facer e por que. A documentación gráfica é escasa e a unha escala insuficiente (1:3000), e non define todas as intervencións que aparecen na medición. Orzaméntanse partidas non representadas nos planos e introdúcense novos usos edificatorios sen xustificar nin definir no correspondente proxecto arquitectónico. Sen pretender ser exhaustivos hai "lapsus" de coñecemento difíciles de explicar nun proxecto que pretende sustentar un investimento público de 2,5 millóns de euros; como cando se di que un dos obxectivos é a "recuperación de las cetarias, al objeto de divulgar y dar a conocer a un gran número de personas, el conocimiento de los cetáceos" (*sic*).

### CREACIÓN DUN SENDEIRO INNECESARIO

Por que 1.200 metros lineais do camiño da costa existente con 2,5 metros de ancho se reconstrúe con formigón e xunta de céspede cun ancho de 4 metros? Este tipo de pavimento, utilizado profusamente noutros paseos da Mariña, é incomodo e intransitábel para os discapacitados e para os ciclistas e moi perigoso para as persoas maiores. O camiño actual soporta perfectamente o tráfico e podería ser compatíbel cunha beirarrúa para os viandantes e cun carril para bicicletas, pero

isto é so a escusa para obras de pavimentación de moita máis envergadura. O tráfico desvíase en paralelo pola pista de terra da concentración parcelaria que atravesa a rica zona agrícola desde a Freita ata a Corveira. Este desvío implica asfaltar a pista de terra e, directamente, o asalto e asedio da Freita, unha zona de gran riqueza ornitolóxica e historicamente ligada ao mundo pesqueiro e agrícola de Rinlo.

Como non podía faltar tamén se constrúe un aparcamento na primeira liña de costa onde conflúe a senda peonil e a nova estrada alcatranada para facilitar o atraque turístico. Estes cambios innecesarios traerán ruído e caos ao que agora é un lugar apracíbel e de traballo, incluído dentro dun espazo de Rede Natura e con evidentes valores paisaxísticos e etnográficos.

### EXPROPIACIÓN DE TERRAS COMO "BEN SOCIAL"

En liñas xerais, o proxecto e todas as obras de modificación que nel se programan responden ao obxectivo número tres apuntado na memoria: incorporar grandes superficies ao Dominio Público Marítimo Terrestre. En total exprópanse uns 23.000 m<sup>2</sup> de terreo natural, dos cales 11.000 m<sup>2</sup> son hortas tradicionais produtivas que o proxecto "recupera e pon en valor" mediante o seu "asilvestramento" a toxos. Curiosamente dentro de toda esta manobra de "recuperación", a finca de 25.000 m<sup>2</sup> propiedade de




Ramón Álvarez-Cascos, na que se pretende instalar unha piscifactoría que representa unha ameaza real para o equilibrio medioambiental da zona, non se inclúe no ámbito de actuación, a pesar de estar mesmo ao lado da segunda cetaria de Penacín.

### A DESNATURALIZACIÓN ENCUBERTA DA PAISAXE

De que serve un cuarto obxectivo como o de utilizar materiais autóctonos? Acaso o uso de materiais autóctonos garante a calidade do deseño ou a adecuación da proposta, ou simplemente se invoca a palabra "autóctono" ou "etnográfico" como coartada para disfrazar un atentado contra os valores vernáculos aínda presentes no núcleo? Nótase en falta unha aproximación fenomenolóxica ao lugar que permita unha intervención sensible, respectuosa e sensata, un proxecto que valore o lugar polo que é e non polo seu valor de cambio ou como soporte para obras innecesarias.

Tristemente para Rinlo, o proxecto deixa ao descuberto a pobreza cultural da política de Costas e a falta de preparación municipal para dirixir o proxecto cara aos intereses locais a longo prazo. O Estado expropia as hortas e fala de "recuperación etnográfica dos muros", pero que tipo de recuperación se pretende cando as hortas se plantan a toxos? E que dicir dos novos usos das cetarias tan celebrados polo Concello na prensa local coma a "pesca sen




morte" na Cetaria da Freita ou "unha especie de acuarios" nas cubas de metacrilato que se pretenden instalar na terceira cetaria da Corveira a modo da Casa dos Peixes da Coruña. Querer pasar estes disparates por unha posta en valor do patrimonio popular e unha referencia para o turismo familiar e educativo é bochornoso.

En resumo, o Ministerio de Medio Ambiente pretende gastar máis de 2,5 millóns de euros nunha intervención de control e limpeza histórica difícil de xustificar desde un punto de vista económico e cultural. 4/5 partes do orza-

mento gástanse en obras de fomento de grande tonelaxe e na correspondente redecoración ao gusto dos "novos xestores". Para aqueles que coñecemos a zona e asistimos atónitos á "frankensteinización" do bordo natural da rasa, o proxecto desvela a falta de discreción e amor polo lugar, reducindo as actuacións a unha intervención clónica que non respecta a riqueza paisaxística do lugar, non garda ningunha relación nin respecto polo local e que promove a colonización e negocios a grande escala que reportará moi poucos beneficios para os locais e supoñerá unha perda irreparable para o patrimonio de Galiza.

Está nova Ruta é un crime paisaxístico. Un lugar de verdade, recóndito, natural, suxestivo, espiritual e curativo sufrirá, se o sentido común non prevalece, unha desnaturalización innecesaria e obscena. O proxecto do Ministerio de Medio Ambiente carece do *know-how* da comunidade tradicional. Un lugar non se expropia, non se aterrapiña nin se reconstrúe con máquinas e "cachivaches". A paisaxe vaise modelando ao longo dos anos e das xeracións que van deixando nela a súa pegada. É a man humana a que imprime escala e carácter á paisaxe e isto é o que debemos conservar e manter para o goce de todos e todas.

\* Carlota Eiros é arquitecta e xunto con veciños de Rinlo promove, por petición popular, a declaración desta localidade como Ben de Interese Cultural



## CARNICERIA ECOLÓXICA

### Ecogaliza

Praza de Abastos nave 7  
Loc. 222-223-224 SANTIAGO

654 609 611

Tenreira- Porco

Polo - Porco Celta

Hamburguesas Vexetais

TOFU SEITAN LÁCTEOS EMBUTIDOS